



Acta - resume do pleno infantil celebrado o pasado 28 de Novembro de 2018

No salón de plenos do Concello do Porriño, as doce horas e dez minutos do día 28 de novembro de 2017, coa presidencia da Alcaldesa, Eva Garcia de la Torre, e contando coa participación da concelleira de Educación Lourdes Moure Varela, como secretaria, e dos/as voceiros/as que se relacionan:

- Carla Márquez Vaquero e Rodrigo Martín Pedrares en representación do Centro Santo Tomas
- Irene Galloso Rodríguez e Raúl Serveide Sequeiros, do Centro de Educación Infantil e Primaria Xosé Fernandez López
- Noa Vázquez Ojea e David Alonso Pérez do Centro de Educación Infantil e Primaria Atios
- Antía Fernández Ramirez e Pablo Fernández Pérez do Centro de Educación Infantil e Primaria de Budinho
- Laura Dios Claro e Ainoha Guisande Fernández do Centro de Educación Infantil e Primaria da Ribeira
- Alejandro Gómez Granja e Marta Estevéz Alonso do Centro de Educación Infantil e Primaria Antonio Palacios
- Lucas Baz Bernández do Centro ACEESCA
- Laura Barbosa Baladrón e Clara Giraldez Fernández, do Instituto de Educación Secundaria Pino manso
- Antía Martínez Márquez e Manuel Moras Fernández do Centro Hermanos Quiroga
- Tatiana Domínguez Rodríguez e Hugo Rodríguez Iglesias do Instituto de Educación Secundaria Ribeira do Louro

Acompañanos tamén, Gloria del Río Hernández, en representación de UNICEF comité Galicia.

Unha vez verificado o quórum e a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, da que se estende a presente acta resume.

1. Benvida da Alcaldesa aos representantes da infancia e adolescencia do concello

A alcaldesa saúda aos nenos, nenas e adolescentes presentes no salón, e a tamén os/as que están seguindo o acto a través de internet, saúda tamén ao profesorado presente e representantes dos centros de ensino e a continuación da lectura a un manifesto que se transcribe:

“Como sabedes o pasado 20 de novembro conmemoramos a data na que a Asemblea Xeral da ONU aprobou a Declaración dos Dereitos do Neno, en 1959; e a Convención sobre os Dereitos do Neno, en 1989,... fai polo tanto xa 28 anos que os gobernantes adquirimos o compromiso de defender e promover os dereitos de todos os nenos e nenas.

Hoxe fostes chamados a este salón de plenos para celebrar os avances conseguidos, pero sobre todo para chamar a atención dos veciños e veciñas do Porriño sobre a situación dos menores máis desfavorecidos, e para darlles a coñecer os dereitos da infancia, ademais de concienciar a cidadanía da necesidade de seguir traballando día a día para o seu verdadeiro cumprimento, xa que os dereitos que recolle a Convención distan bastante de ser realidade en moitos recunchos do planeta.



Actos coma o de hoxe serven para lembrarnos que os dereitos da infancia non están garantidos, e que a día de hoxe se seguen violando en moitos dos países do mundo.

Mesmo no noso país, durante os últimos anos experimentamos un retroceso na aplicación plena e efectiva destes dereitos. A conxuntura económica de crise, xunto cos recortes orzamentarios deu como resultado un constante aumento da pobreza, afectando con maior intensidade aos colectivos máis vulnerables da sociedade e alcanzando cifras alarmantes no caso da infancia.

É particularmente grave que máis dun 30% da poboación menor de 18 anos se atope en risco de pobreza e exclusión social,

E cando o núcleo familiar se atopa en dificultades económicas, os dereitos da infancia vense comprometidos: o dereito a un nivel de vida axeitado para o seu desenvolvemento físico, mental e social; o dereito ao gozar do máis alto nivel de saúde e a servizos para o tratamento das enfermidades e a rehabilitación da saúde; o dereito á educación; o dereito para ser protexidos fronte a toda forma de violencia, negligencia, abandono ou explotación; o dereito ao descanso e ao lecer, ao xogo, ás actividades recreativas e a participar libremente da cultura e as artes.

Hoxe, no noso país xa non está garantido o acceso a unha adecuada atención sanitaria e farmacéutica; a educación pública ten sufrido tal deterioro que deixou de ser garante da igualdade de oportunidades, equidade, calidade e integración. Así mesmo, os servizos sociais sen apenas recursos, son incapaces de atender as necesidades dos fillos e fillas das familias afectadas polo desemprego e os recortes en protección social.

Por todo isto, dende o Concello do Porriño ademais de conmemorar a Declaración dos Dereitos da Infancia, e a Convención dos Dereitos do Neno, queremos manifestar o noso compromiso total e decidido coas políticas a favor da infancia.

Porque o deseño de políticas municipais baseadas nos dereitos da infancia, contribuirá a que se produzan as transformacións necesarias para facer de Porriño un concello no que os nenos e nenas sexades protagonistas principais.

Queremos polo tanto escoitar as vosas opinións, intereses e necesidades, xa que unicamente así poderemos deseñar as actuacións necesarias para darlle resposta, e facer deste concello un referente en materia de protección dos dereitos da infancia e da adolescencia.

...Pasamos polo tanto a dar conta dos temas a tratar”

2_ Lectura dos temas a tratar

1. *Proposta do Centro **Santo Tomas***
2. *Proposta do Centro de Educación Infantil e Primaria **Xosé Fernandez López***
3. *Proposta do Centro de Educación Infantil e Primaria **Atios***
4. *Proposta do Centro de Educación Infantil e Primaria **de Budinho***
5. *Proposta do Centro de Educación Infantil e Primaria **da Ribeira***
6. *Proposta do Centro de Educación Infantil e Primaria **Antonio Palacios***
7. *Proposta do Centro **ACEESCA***
8. *Proposta do Instituto de Educación Secundaria **Pino manso***
9. *Proposta do Centro **Hermanos Quiroga***
10. *Proposta do Instituto de Educación Secundaria **Ribeira do Louro***



3_ Lectura, debate e aprobación se procede da “toma en consideración” de cada unha das propostas realizadas.

- **Interveñen Carla Márquez Vaquero e Rodrigo Martín Pedrares en representación do Centro Santo Tomas** facendo as seguintes aportacións e propostas en cada unha das áreas.

Medio ambiente: Non contaminar e coidar ríos e montes. Coidar espazos públicos e Máis zonas verdes. Cámaras de vixilancia conectadas cos bombeiros e policía, para vixiar os montes.

Benestar social: Horarios de vacacións adaptados aos fillos.

Lecer e cultura: Prazas para xogar co patinete e balón. Pistas fútbol de baloncesto. Parque para cans. E para todas as idades. Cinema para poder ver máis películas.

Saúde: Máis carreiras solidarias. Pinchorrillo infantil saudable.

Urbanismo: Adaptación ás persoas de mobilidade reducida, ramplas de acceso, semáforos. Paso elevado de trens. Seguridade viaria.

Igualdade: Máis persoal de asistencia á violencia de xénero.

Educación e mocidade: Recreos máis longos. Materia de baile. Acoso escolar.

A alcaldesa intervéen para dar resposta a algunha das súas propostas e pregunta ao resto de voceiros/as se queren facer algunha intervención. Ao non existir intervencións, pasase a votar a toma en consideración estas propostas.

APRÓBASE POR UNANIMIDADE. Estando todos/as de acordo en que estas propostas sexan tomadas en consideración.

- **Interveñen Irene Galloso Rodríguez e Raúl Servide Sequeiros, do Centro de Educación Infantil e Primaria Xosé Fernandez López** facendo as seguintes aportacións e propostas en cada unha das áreas.

Valoran positivamente ó persoal e a existencia de moitos coles públicos. Espazos verdes, cafeterías, un bo pavillón e que non hai moita delincuencia.

Solicitan Mellorar: O paso a nivel do centro do pobo (poñer un túnel). Abandono animal (máis protectoras de animais). Edificios abandonados (reutilizalos para facer un cine que non hai) Lixo nas rúas, máis colectores subterráneos. Habilitar un sitio para os Grafitis. Só hai unha gardería pública. Moitos nenos pobres. Iluminación polo río. Seguridade viaria. Adaptación á diversidade (máis iluminación e ramplas). Arranxar as estradas. Carteis indicativos de entrada e saída. Xadrez no cole. Máis parque público e zonas verdes. Coches eléctricos. Axudar a familias que necesiten axuda.

Preguntados o resto de voceiros/as se queren facer algunha intervención, non existindo intervencións, e estando todos/as de acordo en que estas propostas sexan tomadas en consideración. **APRÓBASE POR UNANIMIDADE.**



- **Interveñen Noa Vázquez Ojea e David Alonso Pérez do Centro de Educación Infantil e Primaria Atios** facendo as seguintes demandas.

Arranxar o patio do colexio. Baños e vestiarios para o pavillón. Zonas verdes no patio. Adaptación. Cambiar de lugar o matadoiro: ruído, contaminación. Campañas para non tirar o lixo nos montes, e nos ríos e utilizar as papeleiras. Máis actividades de conciliación familiar. Coidar máis os edificios antigos e facer mais parques.

Preguntados o resto de voceiros/as se queren facer algunha intervención. Ao non existir intervencións, pasase a votar a toma en consideración estas propostas, que son **APROBADAS POR UNANIMIDADE**.

- **Interveñen Antía Fernández Ramirez e Pablo Fernández Pérez do Centro de Educación Infantil e Primaria de Budinho** facendo as seguintes aportacións.

Construír máis parques e mellorar os que hai. Facer máis marquesiñas de autobús. Paso elevado. Limpar os bosques. Seguridade viaria. Máis pasos de peóns, e arranxar as beirarrúas. Vixilancia policial.

Tamén solicitan para o cole: mellorar os baños e os patios, mellores redes e canastras.

E tamén eliminar o paso a nivel (paso subterráneo). Cambiar a localización do matadoiro. Vixilancia nocturna. Máis carril bici.

Preguntados o resto de voceiros/as se queren facer algunha intervención, non existindo intervencións, e estando todos/as de acordo en que estas propostas sexan tomadas en consideración. **APRÓBASE POR UNANIMIDADE**.

- **Interveñen Laura Dios Claro e Ainoha Guisande Fernández do Centro de Educación Infantil e Primaria da Ribeira** facendo as seguintes peticións.

Mellor comunicación entre parroquias e o centro. Soterramento do tren. Mellora das fachadas e axudas. Aumenta a oferta cultural: Reabrir as bibliotecas dos centros culturais conexión a internet e mellora da velocidade. Oferta de lecer: carril para as bicicletas. Aluguer de bicicletas. Roteiros. Pistas de patinaxe. Creación de espazos para grafitis, e outras manifestacións artísticas. Reformar os parques e realizar máis talleres e actividades lúdicas nas parroquias. Dinamizando os centros culturais. Recuperar o patrimonio cultural, Arranxo dos muiños. Recuperar os recursos acuíferos. Mellorar a Oferta comercial, ofrecendo axudas de aluguer e redución de impostos, para poder poñer un centro comercial. Mercadillo. Mellorar as vías de comunicación das parroquias, mellorando as estradas. E o aumento da limpeza. Máis colectores de lixo. E carteis para concienciar. Manter os montes limpos, impoñer sancións, reforzar os de extinción, saír os nenos unha vez ao mes. Máis devasa. Máis enerxías renovables, máis placas solares. Acoller á xente da rúa, en pisos baleiros. Mellorar a seguridade. Espazos para os animais. Protectoras. Melloras as tubaxes, e da calidade da auga.

Desistindo o resto de voceiros/as sobre a posibilidade de facer algunha intervención, vótase a toma en consideración destas propostas, que son **APROBADAS POR UNANIMIDADE**.



- **Interveñen Alejandro Gómez Granja e Marta Estevéz Alonso do Centro de Educación Infantil e Primaria Antonio Palacios** facendo as seguintes aportacións e propostas.

Identifican como Fortalezas: as actividades deportivas, as boas instalacións, e o pinchorrillo. Pola contra solicitan un carril bici polo río. Iluminado, río limpo. Destacan o mal cheiro do matadoiro. Mellorar as instalacións, baixar o nivel de ruído producido polo tren e a circulación de camiós polo centro. Solución para as casas abandonadas: rehabilitalas en vivendas ou centros sociais. Autobús as aldeas con percorrido polas parroquias ata a biblioteca municipal. Evitar atascos. Arranxar os parques de Porriño e arredores. Máis zonas para nenos con dificultades. Paso a nivel. Mellorar as vías, trens máis modernos, túnel subterráneo. Gardas que regule o tráfico de coches e persoas polas barreiras.

Preguntados o resto de voceiros/as se queren facer algunha intervención, non existindo intervencións, e estando todos/as de acordo en que estas propostas sexan tomadas en consideración. **APRÓBASE POR UNANIMIDADE.**

- **Intervén Lucas Baz Bernández do Centro de educación especial ACEESCA** facendo as seguintes aportacións e propostas centradas na problemática das persoas con discapacidade.

Sinala o mal estado das beirarrúas. A Falta de rampas e pasos de peóns adaptados. Reclama elementos de xogo adaptados para persoas con discapacidade nos parques, así como tamén fontes de auga e outros elementos. Tamén sinala a necesidade de paneis e/ou pictogramas informativos nas dependencias municipais con información para persoas con calquera tipo de discapacidade.

Non solicitando o resto de voceiros/as facer ningunha intervención, e estando todos/as de acordo, **APRÓBASE POR UNANIMIDADE** que estas propostas sexan tomadas en consideración.

- **Interveñen Laura Barbosa Baladrón e Clara Giraldez Fernández, do Instituto de Educación Secundaria Pino Manso** facendo as seguintes propostas.

Máis fontes. Facer centros de deportes públicos. Centro comercial e cine. Máis beirarrúas. Máis parques. Máis arbores na zona do río. Máis farois no río. UNED en Porriño. Poñer outro centro de saúde. Unha radio municipal e semáforos novos. Espazo cuberto para xente sen recursos. Mellorar as marquesiñas. Crear unha protectora de animais e instalar Wifi gratis

Preguntados o resto de voceiros/as se queren facer algunha intervención, non existindo intervencións, e estando todos/as de acordo en que estas propostas sexan tomadas en consideración. **APRÓBASE POR UNANIMIDADE.**



- **Interveñen Antía Martínez Márquez e Manuel Moras Fernández do Centro Hermanos Quiroga** facendo as seguintes peticións.

Dado que o aumento da poboación do Porriño, son precisos parques máis modernos e grandes. Unha pista de patinaxe, bici skate, canchas de baloncesto e fútbol. Parques adaptados. Instalacións públicas e gratuítas e cubertas de tenis. Carril bici e Piscina exterior. Tamén un auditorio para a banda de Porriño. Maior proxección de películas. Campamentos de verán. Charlas. Recinto feiral: para concertos, mercadillo, e non molestar. Zonas de aparcadoiro gratuítas en lugares abandonados. Zonas habilitadas con mascotas máis próximas. Paseo de louro, acceso a mobilidade reducida. Bancos, baños públicos e fontes.

Preguntados o resto de voceiros/as se queren facer algunha intervención, non existindo intervencións, e estando todos/as de acordo en que estas propostas sexan tomadas en consideración. **APRÓBASE POR UNANIMIDADE.**

- **Interveñen Tatiana Rodríguez Domínguez e Hugo Rodríguez Iglesias** facendo as seguintes peticións.

Eliminación do paso a nivel. Diminuír o cheiro do matadoiro. Mellorar a limpeza do río. Desprazamento das parroquias ao centro urbano. Botan de menos deportes que non son de masa: voleibol, tenis... mellorar instalacións ou poñer novas. Bacharelato artístico. Adaptación de espazos públicos ás persoas con mobilidade reducida.

Non solicitando o resto de voceiros/as facer ningunha intervención, e estando todos/as de acordo, **APRÓBASE POR UNANIMIDADE** que estas propostas sexan tomadas en consideración.

4. Rogos e preguntas.

Preguntados os/as participantes sobre a realización de algún rogo ou pregunta, e non habendo peticións neste sentido, a Alcaldesa da paso a despedida do acto.

5_ Despedida e agradecementos

O Alcaldesa da resposta algunha das súas propostas e agradece a súa participación e as súas achegas, comprométese con todos eles/as na posta en marcha de forma inmediata dun órgano estable de participación infantil para canalizar as opinións de nenos, nenas e adolescentes, xa que iso contribuirá a dar solucións máis reais as problemáticas do concello.

Comunica que se está a traballar na elaboración dun diagnóstico de situación da infancia e adolescencia no concello, e que para principios do próximo ano se aprobará un plan municipal de infancia, que marcará as políticas locais que mais lles afectan a nenos e nenas.

Sen máis a Alcaldesa da por rematada a sesión.